

Regulamento 01/2025, do 13 de marzo, do Consello Social, de creación e participación en empresas baseadas no coñecemento da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	2
TÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	2
Artigo 2. Definicións	3
TÍTULO II. Empresas baseadas no coñecemento da UDC	3
CAPÍTULO I. Procedemento de autorización	3
Artigo 3. Réxime de autorización das EBC da UDC	4
Artigo 4. Presentación de solicitudes	4
Artigo 5. Análise do proxecto de EBC e informe previo da OTC.....	4
Artigo 6. Proposta de autorización da Comisión de Investigación	4
Artigo 7. Outorgamento da autorización polo Consello Social	4
CAPÍTULO II. Participación da UDC nunha EBC	5
Artigo 8. Participación da UDC no capital social dunha EBC.....	5
Artigo 9. Participación da UDC no órgano de administración da EBC	5
Artigo 10. Órgano de seguimento da EBC	5
Artigo 11. Saída da EBC e protección do interese público.....	6
Artigo 12. Contrato entre persoas socias	6
CAPÍTULO III. Transferencia de resultados de investigación da UDC	6
Artigo 13. Contrato de transferencia de resultados da investigación	6
CAPÍTULO IV. Participación do persoal de investigación da UDC na EBC	7
Artigo 14. Excedencias para se incorporar á actividade da EBC	7
Artigo 15. Autorización para prestar servizos na EBC	7
Artigo 16. Participación no capital social e no órgano de administración.....	7
Artigo 17. Protección dos resultados da investigación da UDC	8
TÍTULO III. Servizos de apoio ás EBC	8
Artigo 18. Medidas de fomento na UDC	8
Artigo 19. Convenios de colaboración	8
Artigo 20. Rexistro de empresas baseadas no coñecemento	8
Artigo 21. Imaxe corporativa das empresas baseadas no coñecemento	9
Disposición final. Entrada en vigor	9

ANEXO I. Formulario de solicitude de creación dunha empresa baseada no coñecemento (EBC) da UDC.....	10
ANEXO II. Formulario de participación da UDC nunha empresa xa creada.....	14
ANEXO III. Táboa de coeficientes de redución da retribución variable	18

PREÁMBULO

A creación de empresas baseadas no coñecemento consolidouse como un dos mecanismos máis eficaces para levar a cabo a terceira misión da universidade: a transferencia. Nos últimos vinte anos, moitas iniciativas empresariais xurdiron desde os grupos de investigación da Universidade da Coruña ao abeiro deste mecanismo.

Os actuais Estatutos da Universidade da Coruña xa recollían a posibilidade de crear empresas de base tecnolóxica no seu artigo 58, co obxectivo de favorecer a transferencia dos coñecementos xerados e a súa presenza no proceso de innovación do sistema produtivo. Neste sentido, o 19 de xullo de 2012, aprobouse o actual Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da Universidade da Coruña.

A necesidade dunha nova normativa vén motivada por varias razóns. Por unha banda, pola profunda reforma levada a cabo nos últimos meses a través de leis que afectan ao contido do actual regulamento, especialmente a Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario. Ambas reforzan o compromiso co fomento da terceira misión da universidade, promover a constitución ou participación en empresas impulsadas polo seu persoal, favorecer procesos de transferencia de tecnoloxía que impacten no tecido produtivo e no mercado laboral e prestar atención especial á protección e defensa do interese público. Doutra banda, pola necesidade de axilizar os trámites administrativos que permitan a promoción destas entidades, así como a creación e participación por parte da Universidade.

Coa aprobación desta nova normativa, a Universidade da Coruña trata de promover todas aquelas iniciativas que poidan xurdir da actividade de investigación universitaria, non só nas áreas científico-tecnolóxica e sanitaria, senón tamén nas xurídico-sociais e nas humanidades. O obxectivo é, entre outros, fomentar unha maior transferencia de coñecemento ás empresas, obter beneficios económicos pola súa participación na creación destas empresas, orientar a investigación ás necesidades empresariais e potenciar a xeración dun emprego de calidade para as persoas tituladas universitarias.

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta normativa ten por obxecto establecer o réxime xurídico que se lles aplicará aos proxectos empresariais baseados no coñecemento que xurdan na Universidade da

Coruña (UDC), as formas en que a UDC e os membros da comunidade universitaria poderán participar nestas empresas e o marco de relación que terá a UDC con elas.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos deste regulamento, teranse en conta as seguintes definicións:

a) Empresas baseadas no coñecemento (EBC): entidades cuxo obxecto social consista na realización dalgunha das seguintes actividades:

- a investigación, o desenvolvemento ou a innovación;
- a realización de probas de concepto;
- a explotación de patentes de invención e, en xeral, a cesión e explotación de dereitos da propiedade industrial e intelectual, así como segredos empresariais;
- o uso e o aproveitamento das innovacións, dos coñecementos científicos e dos resultados de investigación xerados na UDC;
- a prestación de servizos técnicos relacionados cos fins propios da UDC.

Estas empresas poderanse denominar «EBC da UDC» se a UDC e/ou o seu persoal de investigación as crean ou participan nelas, e se se constitúen con base nun acordo de transferencia de coñecemento entre a UDC e as empresas.

b) Persoal de investigación: para os efectos desta normativa, considérase persoal de investigación, conforme ao artigo 3.5 da Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (LCTI):

- o persoal investigador da UDC, isto é, o que, estando en posesión da titulación esixida en cada caso, leva a cabo unha actividade investigadora recoñecida pola propia universidade, entendida como o traballo creativo realizado de forma sistemática para incrementar o volume de coñecementos, incluídos os relativos ao ser humano, a cultura e a sociedade, o uso deses coñecementos para crear novas aplicacións, a súa transferencia e a súa divulgación, conforme o artigo 13 da LCTI;
- o persoal técnico;
- o persoal que realiza funcións de xestión, administración e servizos relacionados coa investigación, o desenvolvemento, a transferencia de coñecemento e a innovación.

c) Resultados da actividade investigadora: todo coñecemento desenvolvido nas áreas de humanidades, ciencias, ciencias da saúde, xurídico-sociais, enxeñarías e arquitectura, dentro das actividades de investigación que se realicen na UDC.

TÍTULO II. Empresas baseadas no coñecemento da UDC

CAPÍTULO I. Procedemento de autorización

Artigo 3. Réxime de autorización das EBC da UDC

Para crear unha EBC da UDC ou para que a UDC participe nunha empresa xa creada será necesario contar coa autorización previa da UDC conforme ao procedemento que se regula neste capítulo.

Artigo 4. Presentación de solicitudes

1. As persoas interesadas en crear unha EBC da UDC, ou na participación da UDC nunha empresa xa creada e que teña por obxecto os mesmos fins, deberán presentar unha solicitude ante a Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) da UDC empregando o formulario que se recolle nos anexos I e II, respectivamente.
2. Para preparar a solicitude, as persoas promotoras poderán contar co asesoramento da OTC. Para iso, a OTC poderá solicitar información adicional e, se é necesario, contar con persoas asesoras internas e/ou externas para avaliar a viabilidade do proxecto empresarial, negociar os aspectos relacionados coa transferencia de coñecemento, valorar a tecnoloxía e determinar a participación da UDC.

Artigo 5. Análise do proxecto de EBC e informe previo da OTC

1. No prazo de quince días a partir da recepción da solicitude, a OTC realizará unha análise da documentación presentada para estudar a viabilidade do proxecto empresarial e, en particular, os seguintes aspectos:
 - a) a viabilidade técnica, comercial e financeira do proxecto;
 - b) a relación entre a actividade da EBC e os resultados da investigación da UDC;
 - c) as condicións en que podería ser outorgada a autorización e, nomeadamente, as contraprestacións que corresponderían en favor da UDC.
2. Coa información obtida, a OTC elaborará un informe que lle remitirá á persoa titular da vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia.

Artigo 6. Proposta de autorización da Comisión de Investigación

A persoa titular da vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia convocará a Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno para aprobar unha proposta de autorización de creación de EBC da UDC ou de participación da UDC nunha empresa xa creada, acompañada das condicións que rexerán a súa creación e a participación da UDC.

Artigo 7. Outorgamento da autorización polo Consello Social

1. A proposta aprobada pola Comisión de Investigación seralle remitida ao Consello Social para a súa aprobación, de ser o caso.
2. Este órgano concederá ou denegará a autorización para crear a EBC ou participar nunha EBC xa existente. En caso de aprobación, establecerase o réxime xurídico que regulará a súa creación e a participación da Universidade.

CAPÍTULO II. Participación da UDC nunha EBC

Artigo 8. Participación da UDC no capital social dunha EBC

1. A autorización da UDC daralle o dereito á Universidade a participar no capital social da EBC, por si mesma ou mediante encargo a un medio propio.
2. Agás casos debidamente xustificados, a participación da UDC no capital social da EBC non superará o dez por cento no momento da súa constitución.
3. A participación da UDC no capital social das EBC farase mediante unha achega económica. Non obstante, en casos debidamente xustificados, poderanse facer achegas non económicas, a través de bens, dereitos de propiedade industrial ou intelectual ou servizos, que poderán formar parte da contraprestación pola transferencia destes bens e dereitos á EBC.
4. A UDC procurará reservarse contractualmente facultades que lle permitan dispor libremente das súas participacións sociais.
5. A UDC poderá establecer un período mínimo de permanencia na empresa participada, en función das necesidades de desenvolvemento e consolidación desta. Unha vez que transcorra ese período, poderase desvincular de acordo cos termos que se estableceran no momento da creación da empresa.

Artigo 9. Participación da UDC no órgano de administración da EBC

1. A autorización de creación da EBC poderá incluír a presenza de persoas representantes ou observadoras da Universidade no órgano de administración da empresa. Esta esixencia recollerase no acordo entre as persoas socias que se negociará cos/as promotores/as da EBC.
2. A persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia terá a facultade de designar e, se é necesario, substituír e/ou cesar a/s persoa/s representantes ou observadoras da UDC no órgano de administración da EBC. A designación implicará a autorización de compatibilidade.

Artigo 10. Órgano de seguimento da EBC

A OTC ou o medio propio actuará como órgano de seguimento da EBC e velará pola protección da posición da UDC mentres esta manteña unha participación ou vinculación contractual coa EBC. Isto incluírá, como mínimo, o seguinte:

- a) A EBC deberá remitir, no prazo de catro meses desde a data de peche do exercicio, as contas anuais xunto cun informe en que se detalle a evolución da súa actividade, especialmente no que respecta aos aspectos financeiros e tecnolóxicos.
- b) Á vista da información recibida, o órgano de seguimento poderá solicitar a realización dunha auditoría. Os gastos que deriven desta auditoría serán, en calquera caso, a cargo da empresa.
- c) A partir da información que se reciba, o órgano de seguimento presentarlle un informe á vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia,

en que se describa a situación actual da EBC e se ofrezan recomendacións respecto ás actuacións que debe tomar a UDC.

Artigo 11. Saída da EBC e protección do interese público

1. A UDC reservarase contractualmente a facultade de saír da EBC se a empresa incumpre as súas obrigas contractuais coa UDC, abandona a súa actividade ou desenvolve actividades contrarias aos principios reitores da Universidade.

2. No caso de incumprimento por parte da EBC, a UDC reservarase facultades para protexer o interese público, recuperando ou revertendo os resultados da investigación da UDC ou revocando as excedencias ou as compatibilidades do persoal da UDC para prestar servizos na EBC.

Artigo 12. Contrato entre persoas socias

As persoas socias da EBC deberán subscribir, de forma previa ou simultánea á súa constitución ou á incorporación da UDC ao capital social, un contrato entre elas, en que figuren, cando menos, as normas de administración e goberno da empresa, segundo o que establece este regulamento e o acordo de autorización de creación da EBC.

CAPÍTULO III. Transferencia de resultados de investigación da UDC

Artigo 13. Contrato de transferencia de resultados da investigación

1. A autorización por parte da UDC da creación da EBC requirirá formalizar un contrato de transferencia de resultados de investigación. Neste contrato regularanse as condicións dos dereitos de uso e explotación comercial dos resultados de investigación da empresa, así como a correspondente contraprestación que recibirá a UDC en concepto de regalías, de acordo coas condicións establecidas no acordo de autorización de creación da EBC.

2. O contrato de transferencia incluírá cláusulas que protexan os intereses da UDC nos termos establecidos no artigo 36 bis 5 da LCTI, en particular o dereito de mellor fortuna e o dereito de reversión.

3. Salvo casos debidamente xustificados, a retribución variable que a EBC lle pagará á UDC como retorno polos dereitos de uso e explotación comercial dos resultados de investigación da UDC presentes e futuros determinarase en función da actividade da empresa:

- un tres por cento sobre a facturación anual da empresa para as EBC que se baseen en produtos;
- un cinco por cento sobre a facturación anual da empresa para as EBC que se baseen en servizos.

En cada caso analizarase o obxecto dos resultados transferidos.

Estas retribucións pódense reducir en aplicación dos criterios recollidos no anexo III, ata un máximo dun vinte e cinco por cento. Os criterios serán revisables anualmente.

4. Existirá a opción de adiar o pagamento da retribución variable durante un máximo de tres anos desde a sinatura do contrato. As empresas poderán solicitar este período de carencia só en casos debidamente xustificadas. En casos excepcionais, poderase considerar unha ampliación deste período de carencia.

5. A duración das condicións do contrato de transferencia será, como regra xeral, de vinte anos, aínda que poderá ser menor de se tratar de tecnoloxías cunha menor vida útil. O contrato poderá ser revisado naqueles casos en que se transfiran novas tecnoloxías ou coñecementos da UDC á EBC.

CAPÍTULO IV. Participación do persoal de investigación da UDC na EBC

Artigo 14. Excedencias para se incorporar á actividade da EBC

1. O persoal de investigación que cumpra cos requisitos incluídos no artigo 61 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) e que desexe incorporarse ás actividades dunha EBC poderalle solicitar á UDC unha excedencia temporal por un prazo máximo de cinco anos.

2. A excedencia deberá ser autorizada polo reitor da UDC, logo de que así llo solicite a persoa traballadora interesada á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia.

3. A concesión da excedencia subordinarase ás necesidades do servizo e ao interese que a UDC teña na realización das actividades que se van desenvolver na EBC. Para os ditos efectos, requirirase o informe favorable do departamento a que estea adscrita a persoa solicitante.

4. Unha vez esgotado o prazo de cinco anos, para solicitar unha nova excedencia temporal pola mesma causa será necesario que transcorran, polo menos, dous anos desde o reingreso ao servizo activo.

5. Durante o período de excedencia non se percibirá retribución polo posto de orixe. Porén, terase dereito á reserva do posto de traballo na UDC e á avaliación da actividade investigadora, de ser o caso.

Artigo 15. Autorización para prestar servizos na EBC

1. O persoal de investigación da UDC poderá solicitar autorización para prestar servizos nunha EBC creada ou participada pola Universidade, mediante un contrato de traballo laboral a tempo parcial, segundo o establecido no artigo 18 da LCTI.

2. O recoñecemento de compatibilidade que outorgue a UDC, de ser o caso, non poderá modificar a xornada nin o horario de traballo do persoal de investigación.

Artigo 16. Participación no capital social e no órgano de administración

1. A participación do persoal de investigación da UDC no capital social e no órgano de administración da EBC axustarase ao establecido na normativa aplicable, nomeadamente á normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración pública e ao artigo 61 da LOSU.

2. O persoal da UDC que participe nunha EBC terá a obriga de informar a Universidade de calquera circunstancia significativa que puidese dar lugar a un conflito de intereses entre a súa actividade laboral na UDC e a súa participación na empresa.

Artigo 17. Protección dos resultados da investigación da UDC

1. Os membros do persoal de investigación da UDC que participen nunha EBC, incluídas aquelas persoas que se acollan a calquera das posibilidades previstas neste capítulo, deberán protexer os resultados da investigación da UDC e dos seus equipos de investigación, conforme a normativa de propiedade intelectual e industrial da UDC e os acordos e convenios subscritos por esta entidade.

2. En relación co persoal de investigación da UDC que se acolla ao réxime previsto no artigo 14, e conforme aos artigos 17 e 35 da LCTI, presumirase que aos resultados da investigación desenvolto polo dito persoal durante o período de compatibilidade lle resultará aplicable o réxime das creacións ou invencións desenvolvidas baixo a relación laboral coa UDC, salvo pacto ou proba en contrario.

TÍTULO III. Servizos de apoio ás EBC

Artigo 18. Medidas de fomento na UDC

1. Coa finalidade de favorecer a constitución das EBC, a UDC desenvolverá unha política de promoción do emprendemento que poderá incluír tanto programas de apoio á realización de proxectos emprendedores como a promoción de axudas a estas empresas.

2. A UDC asesorará as empresas no cumprimento dos requisitos administrativos para a súa creación e o cumprimento da normativa do seu ámbito de actividade.

3. A UDC promoverá a existencia de acordos con empresas financeiras, de capital risco ou *business angels* para facilitar o investimento nas EBC nas súas diferentes modalidades.

4. Estes servizos de apoio serán coordinados pola OTC.

Artigo 19. Convenios de colaboración

1. A UDC e as EBC poderán subscribir contratos e convenios de colaboración para desenvolver actividades conxuntas de investigación, de conformidade co establecido no artigo 60 da LOSU.

2. Na preparación destes contratos e convenios estableceranse os mecanismos oportunos para evitar potenciais situacións de conflitos de intereses.

Artigo 20. Rexistro de empresas baseadas no coñecemento

1. A UDC, a través da OTC, levará un rexistro de EBC.

2. Manterase a obriga de inscribir as EBC no rexistro e de informar a UDC, mentres esta, directamente ou a través dunha entidade vinculada, manteña participación ou relación contractual con elas.

Artigo 21. Imaxe corporativa das empresas baseadas no coñecemento

1. Para identificar no mercado as EBC, a UDC outorgará unha licenza de uso non exclusiva, non sublicenciable e non transmisible da imaxe corporativa e de denominación da UDC, para os efectos exclusivos de que a EBC utilice a denominación «EBC da UDC».
2. As EBC deberán utilizar obrigatoriamente a imaxe corporativa e a denominación correspondente, de forma asociada á súa propia imaxe corporativa.
3. O uso da denominación «EBC da UDC» en ningún caso representará que estas actúen en nome da UDC, nin que esta entidade avale as súas actividades empresariais.
4. A UDC poderá requirir da EBC en calquera momento que cese no uso da denominación e da imaxe corporativa indicada neste artigo. Neste caso, a empresa deberá deixar de as utilizar con carácter inmediato.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC.

O Presidente do Consello Social

Antonio Abril Abadín

ANEXO I. Formulario de solicitude de creación dunha empresa baseada no coñecemento (EBC) da UDC

1. Nome/denominación da iniciativa empresarial

(É recomendable obter o certificado do Rexistro Mercantil e completar co nome definitivo da empresa).

--

2. Persoas integrantes da iniciativa

Nome e apelidos	DNI	Grupo ou departamento de investigación	Relación contractual coa UDC ¹	Tipo de dedicación ²	Data de finalización do contrato

¹ Indique segundo o caso: se se trata de PDI (profesorado universitario PDI, profesorado titular PDI etc.), se é persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), se é persoal contratado con cargo a programas de investigación (Ramón y Cajal, Parga Pondal etc.), se é persoal bolseiro (FPI, FPU etc.) ou outro tipo de persoal (persoal contratado con cargo a proxectos etc.).

² Indique se é a tempo completo (TC) ou parcial (P03, P04, P05 o P06).

3. Descrición dos resultados da investigación

3.1 Orixe dos resultados

(Non son campos excluíntes. Débeos completar todos se hai varias opcións)

a) Se os resultados proveñen dun ou máis proxectos de investigación, indique:

Título do proxecto	Organismo financiador	Entidades participantes e porcentaxe de participación no proxecto	Persoas integrantes e porcentaxe de participación no proxecto

b) Se os resultados están protexidos, indique:

Modelo de protección utilizado	Título e código de identificación	Titulares e porcentaxe de participación	Persoas interventoras e porcentaxe de participación no proxecto
Escolla un elemento.			
Escolla un elemento.			
Escolla un elemento.			
Escolla un elemento.			

c) En casos distintos aos anteriores, indique a súa procedencia (por exemplo: teses de doutoramento, contratos de I+D etc.)

d) Se os resultados se publicaron ou difundiron, indique a data e o lugar en que foron publicados ou comunicados e o seu contido.

3.2 Coñecemento ou base tecnolóxica dos resultados de investigación

Describa brevemente os aspectos técnicos e innovadores e o grao de desenvolvemento dos resultados que se van explotar comercialmente (máx. 1 000 palabras).

4. Descrición da iniciativa empresarial

Explique brevemente en que consiste a iniciativa. Indique o modelo de negocio, as necesidades que pretende satisfacer, a súa vantaxe competitiva e especifique as súas principais características: produto ou servizo, tipo de mercado, clientes, outros aspectos relevantes (máx. 500 palabras).

5. Solicitude de compatibilidade e participación da UDC no capital social

5.1 Vinculación das persoas promotoras coa EBC

Nome das persoas integrantes da iniciativa	Proposta de porcentaxe de participación na EBC	Proposta de cargo na EBC ³	Proposta de relación laboral coa EBC ⁴

³ Exemplo de cargos: administrador/a, xerente/a, director/a técnico/a, técnico/a, sen cargo etc.

⁴ Indique se se trata de persoal contratado por conta allea, propia, sen relación laboral etc. e o tipo de xornada laboral.

5.2 Tipo de modalidade solicitada para realizar actividades na EBC

Persoal de investigación da UDC	Modalidade de relación coa UDC	Duración
	Escolle un elemento.	
	Escolle un elemento.	
	Escolle un elemento.	
	Escolle un elemento.	
	Escolle un elemento.	

5.3 Prioridade científico-técnica

Explique a participación das persoas promotoras a través da EBC nas actuacións relacionadas coas prioridades científico-técnicas establecidas na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

6. Custos incorridos ou financiamento

Resuma os custos en que se incorreu ou, se non os houbese, indique o financiamento que recibiu da UDC e/ou outros organismos públicos e/ou privados para a investigación e o desenvolvemento da tecnoloxía (por exemplo, custos do persoal permanente e temporal que traballou no seu desenvolvemento, equipos, materiais etc.).

7. Outra información de interese

Engada calquera información adicional que considere de interese para a avaliación da proposta.

As persoas que asinan a continuación comprométese a respectar a normativa vixente sobre creación de empresas baseadas no coñecemento (EBC) universitario, así como a normativa sobre as incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

O persoal de investigación da UDC, promotor desta iniciativa, solicítalle á Universidade a exención das limitacións establecidas nos artigos 12.1.b) e d) e 16 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, así como a autorización para compatibilizar o exercicio de actividades privadas na EBC co seu traballo ou, de ser o caso, a excedencia temporal prevista no apartado 5 deste documento.

Ademais, as persoas promotoras farán todo o posible para alcanzar acordos de transferencia de tecnoloxía e de socios/as, conforme á normativa da UDC que regula as relacións entre a Universidade e as EBC. Para iso, terán a vontade de seguir os procedementos e as recomendacións da UDC na creación da futura EBC, e de facilitar toda a documentación e información que lles requira a Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC).

Con esta solicitude xúntase (en formato dixital) a seguinte documentación:

☐ Plan de negocios
☐ Certificado da relación laboral coa UDC das persoas promotoras
☐ Documento de autoría das persoas interventoras
☐ Declaración responsable das persoas promotoras cos horarios que terán na EBC <i>(para a solicitude de compatibilidade coa actividade laboral na EBC)</i>
☐ Certificado dos horarios do centro de traballo docente e de titorías expedido pola secretaría da facultade/escola <i>(para a solicitude de compatibilidade coa actividade laboral na EBC)</i>
☐ Informe favorable do Consello do Departamento que corresponda con referencia ás medidas que adoptará para cubrir as obrigas docentes durante a excedencia <i>(para a solicitude de excedencia temporal)</i>
☐ Outra documentación de interese (indíquese):

A Coruña/Ferrol, Preme ou toca para introducir unha data.

Datos e sinaturas das persoas promotoras

Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura	Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura
Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura	Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura
Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura	Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura

ANEXO II. Formulario de participación da UDC nunha empresa xa creada

1. Empresa

Razón social	
CIF	
Domicilio social	
Data de constitución	
Domicilio para os efectos de comunicación	
Teléfono	
Correo electrónico	
Páxina web	
Persoas de contacto	
Cargo na empresa	

2. Persoas socias e traballadoras da empresa con vinculación coa UDC e/ou outra institución

Nome e apelidos ou razón social	DNI	Grupo ou departamento de investigación	Relación contractual coa UDC ¹	Relación contractual con outra institución ¹	Data da fin do contrato	Porcentaxe de participación na empresa

¹ Indique segundo o caso: se se trata de PDI (PDI catedrático/a universitario/a, PDI profesor/a titular etc.), se é persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), se é persoal contratado con cargo a programas de investigación (Ramón y Cajal, Parga Pondal etc.), se é persoal bolseiro (FPI, FPU etc.) ou outro tipo de persoal (persoal contratado con cargo a proxectos etc.). Indique tamén se é a tempo completo (TC) ou parcial (P03, P04, P05 ou P06).

3. Descrición dos resultados da investigación

3.1 Orixe dos resultados

(Non son campos excluíntes. Débeos completar todos se hai varias opcións)

a) Se os resultados proveñen dun ou máis proxectos de investigación, indique:

Título do proxecto	Organismo financiador	Entidades participantes e porcentaxe de participación no proxecto	Persoas integrantes e porcentaxe de participación no proxecto

b) Se os resultados están protexidos, indique:

Modelo de protección utilizado	Título e código de identificación	Titulares e porcentaxe de participación	Persoas interventoras e porcentaxe de participación no proxecto
Escolla un elemento.			
Escolla un elemento.			
Escolla un elemento.			
Escolla un elemento.			

c) En casos distintos aos anteriores, indique a súa procedencia (por exemplo: teses de doutoramento, contratos de I+D etc.)

d) Se os resultados se publicaron ou difundiron, indique a data e o lugar en que foron publicados ou comunicados e o seu contido.

3.2 Coñecemento ou base tecnolóxica dos resultados de investigación

Descrba brevemente os aspectos técnicos e innovadores e o grao de desenvolvemento dos resultados que se van explotar comercialmente ou que se explotan xa comercialmente (máx. 1 000 palabras).

4. Descrición da empresa

Explique brevemente a actividade da empresa. Indique o modelo de negocio, as necesidades que pretende satisfacer, a súa vantaxe competitiva e especifique as súas principais características: produto ou servizo, tipo de mercado, clientes e outros aspectos relevantes (máximo 500 palabras).

5. Solicitud de compatibilidade e participación da UDC no capital social

5.1 Vinculación das persoas promotoras coa EBC

Nome das persoas integrantes da iniciativa	Proposta de porcentaxe de participación na EBC	Proposta de cargo na EBC ²	Proposta de relación laboral coa EBC ³

² Exemplo de cargos: administrador/a, xerente/a, director/a técnico/a, técnico/a, sen cargo etc.

³ Indique se se trata de persoal contratado por conta allea, propia, sen relación laboral etc. e o tipo de xornada laboral.

5.2 Tipo de modalidade solicitada para realizar actividades na EBC

Persoal de investigación da UDC	Modalidade de relación coa UDC	Duración
	Escolla un elemento.	
	Escolla un elemento.	

	Escolla un elemento.	
	Escolla un elemento.	
	Escolla un elemento.	

5.3 Prioridade científico-técnica

Explique a participación das persoas promotoras a través da EBC nas actuacións relacionadas coas prioridades científico-técnicas establecidas na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

--

6. Custos en que se incorreu ou financiamento que se recibiu

Resuma os custos en que se incorreu ou, se non os houberse, indique o financiamento que recibiu da UDC e/ou outros organismos públicos e/ou privados para a investigación e o desenvolvemento da tecnoloxía (por exemplo, custos do persoal permanente e temporal que traballou no seu desenvolvemento, equipos, materiais etc.).

--

7. Outra información de interese

Engada calquera información adicional que considere de interese para a valoración da proposta.

--

As persoas que asinan este documento, comprométense a respectar a normativa vixente sobre creación de empresas baseadas no coñecemento (EBC) universitario, así como a normativa de creación e recoñecemento de empresas da UDC e a normativa sobre as incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

O persoal de investigación da UDC, promotor desta iniciativa, solicítalle á Universidade a exención das limitacións establecidas nos artigos 12.1.b) e d) e 16 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, así como a autorización para compatibilizar o exercicio de actividades privadas na EBC co seu traballo ou, de ser o caso, a excedencia temporal prevista no apartado 5 deste documento.

Ademais, as persoas promotoras farán todo o posible para alcanzar acordos de transferencia de tecnoloxía e de socios/as, conforme á normativa da UDC que regula as relacións entre a Universidade e as EBC. Para iso, terán a vontade de seguir os procedementos e as recomendacións da UDC na creación da futura EBC, e de facilitar toda a documentación e información que lles requira a Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC).

Con esta solicitude xúntase (en formato dixital) a seguinte documentación:

☐	Plan da empresa
☐	Certificado da relación laboral coa UDC das persoas promotoras
☐	Documento de autoría das persoas interventoras
☐	Escritura de constitución e estatutos sociais

☐	Certificados que acrediten que a empresa está ao corrente das súas obrigas ante a Axencia Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social
☐	Contas anuais e a memoria depositadas no Rexistro Mercantil dos últimos catro exercicios
☐	Pactos parasociais subscritos entre as persoas socias
☐	Contrato de transferencia (de o haber)
☐	Declaración responsable das persoas promotoras cos horarios que terán na EBC <i>(para a solicitude de compatibilidade coa actividade laboral na EBC)</i>
☐	Certificado dos horarios do centro de traballo docente e de titorías expedido pola secretaría da facultade/escola <i>(para solicitar a compatibilidade coa actividade laboral na EBC)</i>
☐	Informe favorable do Consello do Departamento que corresponda con referencia ás medidas que adoptará para cubrir as obrigas docentes durante a excedencia <i>(para a solicitude de excedencia temporal)</i>
☐	Outra documentación de interese (indíquese):

A Coruña/Ferrol, Preme ou toca para introducir unha data.

Datos e sinaturas das persoas socias e traballadoras da empresa con vinculación coa UDC

Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura	Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura
Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura	Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura
Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura	Nome e apelidos: Teléfono: Enderezo: Correo electrónico: Sinatura

ANEXO III. Táboa de coeficientes de redución da retribución variable

Criterio	Descrición	Redución
Creación de emprego para doutores/as da UDC	Balance anual do número de doutores/as contratados/as pola EBC a tempo completo	0,50 % por doutor/a contratado/a ata un máximo do 1 % da cantidade anual que lle aboará á UDC
Creación de emprego para licenciados/as e/ou graduados/as da UDC	Balance anual do número de persoas tituladas universitarias contratadas pola EBC a tempo completo	0,25 % por novo contrato ata un máximo do 0,5 % da cantidade anual que lle aboará á UDC
Participación da UDC en contratos e proxectos	- Contratos artigo 60 da LOSU - Proxectos colaborativos	- 0,25 % da cantidade anual que lle aboará á UDC - 0,25 % da cantidade anual que lle aboará á UDC